



BASES ESPECÍFICAS REGULADORAS DAS AXUDAS DO CONCELLO DE VIMIANZO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA DAS EMPRESAS DEDICADAS Á HOSTALERÍA EN VIMIANZO AFECTADAS POLAS MEDIDAS SANITARIAS DE CONTROL DA PANDEMIA COVID-19. ANUALIDADE 2021

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Como consecuencia da urxencia en materia de saúde pública ocasionada polo COVID-19, o Goberno de España declarou o estado de alarma en todo o territorio nacional mediante o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo.

No municipio de Vimianzo a evolución da pandemia durante todo o ano 2020 e no que vai do 2021 tivo unha grave incidencia en número de contaxios e tamén nas medidas restritivas á mobilidade das persoas. Ademais, os negocios da hostalería víronse afectados dunha maneira especial, acortándose a súa capacidade de xerar ingresos por:

- Restricións á mobilidade das persoas e peche perimetral
- Redución de horarios de apertura ao público
- Peche durante varios períodos
- Redución do aforo interior e en terraza.

O Concello de Vimianzo considera necesario apoiar ao sector da hostalería e establecer unha liña de axudas que lles permita manter abertos os seus negocios e conservar vivo o tecido empresarial local.

O artigo 25 da Lei 7/85, de bases de réxime local, indica que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños.

Na mesma liña, o artigo 80 da Lei 5/97, de Administración Local de Galicia, sinala, entre outras, competencias nas seguintes materias:

- Abastos, matadoiros, feiras, mercados e a defensa de usuarios e consumidores.
- A prestación dos servizos sociais e a promoción e reinserción sociais.
- Ocupación do tempo libre e o turismo.
- A participación na formación de activos e desempregados.

Ademais, o artigo 86 da Lei 5/97, de Administración Local de Galicia contempla a posibilidade do exercicio por parte do municipio de actividades complementarias das propias doutras Administracións Públicas e, en concreto, a de ocupación e loita contra o paro.

O artigo 3.3.e) da Lei 5/2014, do 27 de maio, dispón que non se considera exercicio de novas competencias *“a realización de obras, axudas, adquisicións ou subministros de emerxencia a causa de acontecementos catastróficos, situacións que supoñan grave perigo ou necesidades que afecten á seguridade pública”*.

Polo tanto, aínda que as axudas propostas non se corresponden con competencias propias nin delegadas dos concellos, non existe obstáculo para que unha entidade local aprobe unha subvención de axuda destinada a paliar determinadas situacións económicas, sempre que estean motivadas e ligadas directamente con feitos xustificativos do estado de alarma e teñan como prioridade limitar en todo o posible os efectos da crise provocada pola pandemia do coronavirus. Isto tamén se recolle na *Resolución pola que*



se considera cumprimentado o trámite de autorización da Xunta de Galicia para o exercicio legal da competencia establecida no marco do artigo 7.4 da LRBRL, para a Deputación da Coruña e os concellos que soliciten a súa adhesión ao PEL-REACTIVA: Fondo de financiamento para a reactivación económica e social da provincia da Coruña.

BASE 1.^a.-OBJECTO E FINALIDADE.

O obxecto destas bases é regular a concesión de axudas dirixidas á reactivación económica das empresas dedicadas á hostalería en Vimianzo, adscritas nos epígrafes que se recollen na base 4^a, afectadas polas medidas sanitarias de control da pandemia do COVID-19 para a anualidade 2021.

A finalidade destas axudas é promover e reactivar a economía local, manter a actividade económica, o emprego e a dimensión competitiva do sector da hostalería e conseguir que poida afrontar as consecuencias derivadas do impacto das medidas sanitarias de control da pandemia COVID-19.

BASE 2.^a.-ÁMBITO DE APLICACIÓN

Poderán acollerse a estas axudas, as persoas físicas ou xurídicas que reúnan a condición de persoa beneficiaria segundo o disposto na Base 4.^a.

BASE 3.^a.-DISPONIBILIDADE ORZAMENTARIA

Para o financiamento das subvencións obxecto desta convocatoria, que se tramita de xeito anticipado, pendente da entrada en vigor da modificación de crédito 2021/CE/01 na que se dota crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 430 48000 “Programa de reactivación económica”, ata un máximo de 40.000,00 euros.

A data prevista de entrada en vigor da modificación é o 23/03/2021, quedando estas bases sometidas a condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente. Consonte con isto, non se pode realizar acto ningún que supoña compromiso orzamentario en tanto non se cumpra a condición suspensiva. En ningún caso, a presente convocatoria xerará dereito ningún a favor dos solicitantes mentres non se dean as condicións orzamentarias, procedimentais e xurídicas de aplicación.

BASE 4.^a.- EMPRESAS BENEFICIARIAS

4.1. Beneficiarios/as.

Estas axudas van dirixidas ás empresas (persoas físicas ou xurídicas) que cumpren os requisitos indicados no punto 4.2. e que exerzan algunha das seguintes actividades, segundo as agrupacións e epígrafes de IAE:

- **AGRUPACIÓN 97: Servizo de alimentación.**
 - Grupo 671. Servizos en restaurantes
 - Grupo 672. En Cafeterías
 - Grupo 673. En cafés e bares, con e sen comida
 - Grupo 674. Servizos especiais de restaurante, cafetería e café-bar.



- Grupo 675. Servizos en quioscos, caixóns, barracas ou outros locais análogos, situados en mercados ou prazas de abastos, ao aire libre na vía pública ou xardíns.
- Grupo 676. Servizos en chocolaterías, xeadorías e orchaterías.
- Grupo 677. Servizos prestados polos establecementos clasificados nos grupos 671, 672, 673, 681 e 682 das agrupacións 67 e 68, realizados fora deses establecementos. Outros servizos de alimentación.
- AGRUPACIÓN 68. Servizo de hospedaxe:
 - Grupo 681. Servizos de hospedaxe en hoteis e moteis.
 - Grupo 682. Servizo de hospedaxe en hostais e pensións.
 - Grupo 683. Servizo de hospedaxe en fondas e casas de hóspedes.
 - Grupo 684. Servizo de hospedaxe en hoteis-apartamentos.
 - Grupo 685. Aloxamentos turísticos extrahoteleiros.
 - Grupo 687. Campamentos turísticos nos que se prestan os servizos mínimos de salubridade, como auga potable, lavabos, fregadeiros, etc.

Solo se outorgará unha axuda por empresa e establecemento aberto ao público.

4.2. Requisitos dos beneficiarios

a) Encadrarse nalgún dos seguintes tipos de empresas:

- Persoas físicas: Persoas en réxime de autónomos
- Microempresas con personalidade xurídica: Para os efectos destas bases, para a consideración de microempresa atenderase ao indicado no anexo I do Regulamento (UE) 651/2014, da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se decláran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado, publicado no Diario Oficial da Unión Europea (DOUE) L 187, do 26 de xuño de 2014, segundo o cal a categoría de microempresa está constituída por aquelas empresas que ocupan a menos de 10 persoas e cuxo volume de negocios anual ou balance xeral anual non excedan de 2 millóns de €.
- Empresas de economía social.

b) Que cumpran, con carácter xeral, os seguintes requisitos:

- Estar en funcionamento con anterioridade á entrada en vigor do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo e ininterrompidamente ata a data de cobro da axuda.
- Persoas físicas: Estar dado de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA) ou en calquera outro por conta propia da Seguridade Social, ou como mutualista de colexio profesional, con anterioridade á entrada en vigor do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo.
- Persoas xurídicas: A data de constitución da empresa, atendendo á data de primeira inscrición, no rexistro público correspondente, debe ser anterior á entrada en vigor do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo.
- Ter un establecemento aberto ao público no municipio de Vimianzo.



- Non atoparse incursas en ningunha das circunstancias recollidas no artigo 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa AEAT e coa TXSS e co Concello de Vimianzo.
- Non recibir outra axuda para os mesmos gastos que presenta nesta solicitude.

c) Exclusiones.

Quedan expresamente excluídas destas axudas as asociacións, as comunidades de propietarios, en réxime de propiedade horizontal, as administracións públicas, organismos públicos, entes dependentes, as congregacións e institución relixiosas, as Unións Temporais de Empresas, as comunidades de bens e as herdanzas xacentes.

4.3. Documentación que se ha presentar:

- NIF/NIE e/ou CIF, segundo corresponda.
- Designación de conta bancaria e documento bancario acreditativo.
- Solicitude da axuda segundo modelo normalizado
- Declaración responsable do cumprimento de requisitos e obrigas segundo modelo normalizado.
- Informe de Vida Laboral (IVL) actualizado que inclúa o período comprendido desde o 13/03/2020 das persoas físicas solicitantes e das persoas socias de persoas xurídicas que cotizan por este réxime.
- Escrituras ou estatutos de constitución da empresa, para as persoas xurídicas.
- Certificado actualizado de Situación Censual da Axencia Estatal Tributaria.
- Certificados de estar ao corrente coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) e coa Seguridade Social. Non será necesario presentar esta documentación no caso de dar autorización para a consulta.
- Certificado de estar ao corrente de pago coa Xunta de Galicia
- Compróbase de oficio o cumprimento do requisito de estar ao corrente de pago co Concello de Vimianzo.
- Orzamento do gasto ou documentación acreditativa de habelo realizado segundo modelo normalizado (xustificantes do gasto e do seu pago).

O concello poderá realizar todas aquelas comprobacións que estime oportunas no tocante ao cumprimento dos requisitos e das obrigas dos/as beneficiarios/as das axudas e solicitar a documentación complementaria necesaria.

BASE 5.^a.-DESTINO DAS AXUDAS

As axudas teñen un carácter finalista e van destinadas a facilitar medios para facer fronte ás consecuencias da crise provocada pola COVID-19, e a paliar o seu impacto económico e social sobre as empresas que teñan aberto un establecemento de hostalería en Vimianzo que cumpran os requisitos fixados na base 4^a e conforme aos conceptos e importes que se establecen nas bases 7^a e 8^a.



BASE 6.ª.-PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN

O procedemento de concesión das axudas reguladas nestas bases, será o de concorrencia non competitiva, de acordo co establecido no artigo 22.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

No caso de que sexa necesario, establécese como orde de prelación o número outorgado como rexistro de entrada.

BASE 7.ª.-CONCEPTOS DE GASTO SUBVENCIONABLE

Terán a consideración de gastos subvencionables dentro desta liña os que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, segundo o detalle que se recolle nesta base, e que se realizasen e pagasen entre o 01/01/2020 e o 31/03/2021, segundo as especificacións que se detallan, e que non fosen subvencionados a través doutras liñas.

Son gastos subvencionables os que se relacionan a continuación:

- Alugueiros
- Subministrados: luz, electricidade
- Gastos de telefonía
- Cotas de pago por acceso a programación de televisión
- Seguros de Responsabilidade Civil
- Cota de autónomos
- Mercadorías adquiridas desde o 01/09/2020
- Cotas da SGAE
- Investimentos e gastos para facer fronte ás medidas preventivas da COVID-19 (mamparas, terrazas, mobiliario específico, material antiséptico, produtos de hixiene e limpeza, servizos de asesoramento técnico)
- Investimentos e gastos relacionados con prevención de riscos no establecemento, incluíndo o mantemento de extintores e o servizo de desinfección, desratización e desinsectización.
- Gastos bancarios por TPV
- Xuros de hipotecas

O IVE non se considerará en ningún caso gasto subvencionable.

BASE 8.ª.-CONTÍA E PERÍODO SUBVENCIONABLE

A axuda máxima que recibe cada empresa é de 600 euros.

Os gastos deben estar realizados e pagados no período comprendido entre o 01/01/2020 e o 31/03/2021 tendo en conta as especificacións da base 7.ª.

BASE 9.ª.-FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES



O prazo de presentación de solicitudes é de 15 días contados a partir da publicación do anuncio destas bases no BOP.

As solicitudes presentaranse por vía telemática a través da Sede Electrónica do Concello de Vimianzo. Utilizaranse os formularios normalizados alí dispoñibles e engadirase a documentación que se especifica na base 4.3.

Para a presentación de solicitudes por medio electrónicos, é necesario dispoñer dos certificados electrónicos recoñecidos ou cualificados de sinatura electrónica.

A presentación da solicitude de subvención fóra do prazo establecido e a non utilización, no seu caso, dos formularios normalizados de uso obrigatorio, serán causa de inadmisión da solicitude.

BASE 10.ª.–INSTRUCCIÓN DO PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

As solicitudes que cumpran cos requisitos, atendendo ao establecido na Base 6.ª, ata esgotar o crédito inicial dispoñible, serán propostas por orde de entrada para seren resoltas.

O concello poderá requirir aos solicitantes para que acheguen tanta documentación e información complementaria estime oportuna para fundamentar a súa solicitude, así como para que se proceda á corrección dos defectos apreciados na solicitude; outorgarase un prazo de 5 días hábiles contados a partir da publicación da relación de requirimentos na web oficial do Concello de Vimianzo (<https://sede.vimianzo.gal>) ou da notificación individualizada. No caso de incumprimento, entenderase que desiste da súa solicitude.

O órgano instrutor é a técnica de Desenvolvemento Local e Emprego, quen realizará os requirimentos de documentación, se procede, e emitirá os informes destinados ao órgano de concesión.

BASE 11.ª.–RESOLUCIÓN

Por parte da Alcaldía dítase a resolución provisional, e darase un prazo de 10 hábiles, contados a partir do día seguinte á publicación no BOP, para presentar alegacións.

Posteriormente, a Alcaldía ditará a resolución de concesión definitiva, que tamén se publicará no BOP.

A resolución de concesión conterá a relación das empresas solicitantes ás que se lles concede a subvención, e a desestimación expresa das restantes solicitudes.

No seu caso, incluirá unha relación ordenada de todas as solicitudes que, cumprindo coas condicións administrativas e técnicas, non fosen estimadas por pasarse a contía máxima do financiamento dispoñible fixado na convocatoria correspondente.

No caso de que non exista variación entre as resolucións provisional e definitiva, para as empresas que teñan presentada a documentación xustificativa á que fan referencia as bases 4ª (punto 3) e 13ª, procederase a aprobar o pago da subvención outorgada, xunto coa resolución definitiva,

O acordo de concesión ou denegación da subvención solicitada porá fin á vía administrativa, sendo aplicable o réxime de recursos establecidos na Lei 39/15, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.



BASE 12.^a.-PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

Os beneficiarios da subvención deberán presentar a documentación xustificativa referida expresamente aos conceptos de gasto que lle foron subvencionados, de non habelos presentados coa solicitude, no prazo máximo de 15 días contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio de concesión definitiva no BOP.

BASE 13.^a.-PAGO E XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

O concello aboará o importe da subvención concedida logo da presentación dos xustificantes de gasto ou facturas electrónicas escaneadas, efectivamente pagadas dentro do período subvencionable, correspondentes aos gastos subvencionables determinados na base 7.^a, ou documentos contables de valor probatorio equivalente.

Deberase acreditar o pago bancario dos gastos. Admitiranse pagos en efectivo sempre que exista documentación acreditativa da súa realización e que non superen o límite que establece a Administración Tributaria para estas operacións, segundo o artigo 7 da Lei 7/2012, de 29 de outubro.

No caso de que as facturas non teñan os conceptos de gasto debidamente especificados, deberán entregar un documento aclaratorio do seu contido, que debe axustarse aos conceptos subvencionados ao amparo desta convocatoria.

O pago da subvención realizarase mediante transferencia bancaria á conta bancaria indicada pola entidade beneficiaria da subvención.

No caso de que o importe dos pagos xustificados sexa inferior ao concedido, a achega municipal reducirase ata o importe efectivamente xustificado.

BASE 14.^a.-OBRIGAS DOS/AS BENEFICIARIOS/AS DAS AXUDAS.

Os/as beneficiarios/as das axudas, deberán cumprir cos seguintes compromisos e deberes:

1. Cumprir con todos os requisitos indicados nestas bases.
2. Os/as beneficiarios/as están obrigados a permanecer en alta no Réxime Especial da Seguridade Social de Traballadores por Conta Propia/ Autónomos ou no que, no seu caso, corresponda da Seguridade Social ou en Mutualidades profesionais ou no caso das microempresas, a manter a mesma forma xurídica polo menos ata a data de cobro da axuda.
3. Declarar no momento de presentación da solicitude que non presenta máis dunha solicitude por entidade ou persoa física (autónomo/a). No caso de que o solicitante sexa unha persoa física, declaración de que non forma parte dunha sociedade que teña solicitado outra subvención na presente convocatoria.
4. Declarar a obtención de subvencións ou axudas procedentes doutras administracións e entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais para o mesmo fin, se é o caso.
5. Comunicar de inmediato ao concello calquera modificación que puidera afectar a algún dos gastos recollidos na solicitude inicial realizada, para a valoración do caso por parte do Departamento responsable das axudas.
6. Empregar a subvención outorgada para o mesmo fin para o cal foi concedida, axustándose aos termos establecidos nas Bases e na convocatoria e de conformidade coa lexislación vixente.



7. Conservar os documentos xustificativos da aplicación da subvención recibida, incluídos os documentos electrónicos, que poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control durante o período establecido, en cada caso, pola lexislación vixente sobre a materia.
8. Dar o seu consentimento ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo coa lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.
9. Dar publicidade, nos termos establecidos na resolución de concesión, ao carácter público do financiamento da actividade realizada.
10. Xustificar o cumprimento dos obxectivos, requisitos, condicións e de finalidade suxeita á subvención, someténdose ás actuacións de comprobación e control, que poderá efectuar o concello, como outros órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios.
11. Atender e proporcionar, no seu caso, canta información lle poidan solicitar os servizos de control interno municipal do concello.
12. Someterse ao control financeiro, ben sexa exercido polo órgano interventor municipal, ben polo órgano interventor da Deputación.

BASE 15.^a.-REVOGACIÓN E REINTEGRO.

A constatación do incumprimento dos requisitos necesarios ou dos deberes asumidos como consecuencia da concesión da subvención, así como a falsidade documental, poderá dar lugar á extinción do dereito ao seu disfrute ou á modificación da resolución de concesión, ao reintegro das cantidades percibidas e, no seu caso, á incoación do correspondente expediente sancionador, conforme ao establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións así como cantas responsabilidades de toda orde puidesen derivarse.

BASE 16.^a.-NORMATIVA DE APLICACIÓN.

Será de aplicación a estas bases a normativa seguinte:

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais.
- Regulamento (UE) núm. 1407/2013, da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de mínimos (DOUE L 352, do 24 de decembro de 2013).
- Regulamento (UE) núm. 1408/2013, da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de mínimos no sector agrícola (DOUE L 352, do 24 de decembro de 2013).
- Regulamento (UE) núm. 2019/316 da Comisión do 21 de febreiro de 2019 polo que se modifica o Regulamento (UE) núm. 1408/2013 relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de mínimos no sector agrícola (DOUE L 51, do 22 de febreiro de 2019).



- Regulamento (UE) núm. 717/2014, da Comisión, do 27 de xuño, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de mínimos no sector da pesca e da acuicultura (DOUE L 190, do 28 de xuño de 2014).

(1) Deberá terse en conta as Comunicacions da Comisión Europea sobre Marco Temporal relativo ás medidas de axuda estatal destinadas a apoiar a economía no contexto do actual brote da COVID-19: C/2020/1863, publicada no DOUE C 911 do 20/03/2020, e modificacións do 03/04/2020, publicada no DOUE C 1121 do 04/04/2020, e do 12/05/2020, publicada no DOUE C 164 do 13/05/2020.

A xestión destas axudas suxeitarase aos principios de publicidade, concorrència, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como á eficacia no cumprimento de obxectivos de eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

BASE 17.^a.-DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, polo Concello de Vimianzo.

Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica do Concello de Vimianzo ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Todo o cal se informa en cumprimento do disposto nos artigos 11 e seguintes da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e a súa normativa de desenvolvemento.

BASE 18.^a.-CONTROL FINANCEIRO

O control financeiro das subvencións outorgadas, levarase a cabo polo control interno municipal de acordo coa normativa do concello.



AXUDAS DO CONCELLO DE VIMIANZO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA DAS EMPRESAS DEDICADAS Á HOSTALERÍA EN VIMIANZO AFECTADAS POLAS MEDIDAS SANITARIAS DE CONTROL DA PANDEMIA COVID-19. ANUALIDADE 2021

SOLICITUDE

DATOS DO/A SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL	NIF/NIE/CIF
ENDEREZO	CP
LOCALIDADE	PROVINCIA
LOCALIDADE DO CENTRO DE TRABALLO	
TELÉFONO/S	CORREO ELECTRÓNICO PÁXINA WEB
TIPO DE EMPRESA	<input type="checkbox"/> PERSOA FÍSICA <input type="checkbox"/> PERSOA XURÍDICA
DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE ECONÓMICA IAE/S: Descrición:	

DATOS DE REPRESENTACIÓN; (no caso de non coincidir co/a solicitante)

APELIDOS E NOME	NIF/NIE
EN CALIDADE DE	<input type="checkbox"/> TITULAR <input type="checkbox"/> REPRESENTANTE

SOLICITA:

Que lle sexa concedida unha subvención ao abeiro da convocatoria de AXUDAS DO CONCELLO DE VIMIANZO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA DAS EMPRESAS DEDICADAS Á HOSTALERÍA EN VIMIANZO AFECTADAS POLAS MEDIDAS SANITARIAS DE CONTROL DA PANDEMIA COVID-19. ANUALIDADE 2021

Vimianzo,

Asdo. dixitalmente

SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE VIMIANZO



AXUDAS DO CONCELLO DE VIMIANZO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA DAS EMPRESAS DEDICADAS Á HOSTALERÍA EN VIMIANZO AFECTADAS POLAS MEDIDAS SANITARIAS DE CONTROL DA PANDEMIA COVID-19. ANUALIDADE 2021

DECLARACIÓN RESPONSABLE DO CUMPRIMENTO DE REQUISITOS E OBRIGAS

D./Dna. con NIF/NIE,
en representación de con CIF,
solicitante das axudas do Concello de Vimianzo

DECLARA:

- Que reúne os requisitos que recolle a base cuarta da convocatoria.
- Que se compromete a cumprir coas obrigas establecidas na base décimo cuarta.
- Que autoriza o uso de datos de carácter persoal segundo se especifica na base dezasete.
- Que os gastos que presenta son da actividade de hostalería e non foron subvencionados por ningunha outra convocatoria de axuda.
- Que autorizo/ non autorizo a consulta dos datos ante a AEAT e coa TXSS.

Vimianzo,

Asdo. dixitalmente.



AXUDAS DO CONCELLO DE VIMIANZO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA DAS EMPRESAS DEDICADAS Á HOSTALERÍA EN VIMIANZO AFECTADAS POLAS MEDIDAS SANITARIAS DE CONTROL DA PANDEMIA COVID-19. ANUALIDADE 2021

MODELO A SEGUIR PARA PRESENTAR O ORZAMENTO OU RELACIÓN DE DOCUMENTOS ACREDITATIVOS DO GASTO QUE SE ACHEGAN

CONCEPTO DE GASTO	IMPORTE sen IVE	DOCUMENTO DE GASTO (importe da xustificante, data, provedor)	DOCUMENTO DE PAGO (importe e data do pago)
1.			
2.			
3.			
4.			
5.			
6.			
7.			
8.			
9.			
10.			
SUMA			